



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Sociolingüística		Código	652G04044
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es	
Profesorado	Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e aplicar os fundamentos lingüísticos da Logopedia.	A3		
Coñecer técnicas de comunicación.	A20		
Aprender autonomamente e aprender a aprender.		B5	
Procurar a calidade na actividade profesional.		B10	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B11	
Saber expresarse en público		B17	
Expresarse correctamente en galego, tanto de forma oral como escrita.			C1
Desenvolver o espírito crítico e comprometerse coas realidades lingüísticas dominadas.			C4
Valorar a importancia que ten a investigación e a innovación no avance cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Concepto de Sociolingüística. A sociolingüística sobre o galego.	1.1. Linguaxe, cultura e pensamento. 1.2. Historia da reflexión sociolingüística sobre o galego.
2. Marco teórico e conceptos chave.	2.2. Monolingüismo, bilingüismo, plurilingüismo. 2.3. Diglosia e conflito lingüístico. Os procesos de substitución lingüística. 2.4. Actitudes e preconceitos sobre as linguas. O caso galego.
3. Planificación e dinamización lingüística.	3.1. A planificación como proceso. 3.2. A planificación do corpus. 3.3. A planificación do status.
4. Lingua, poder e comunicación.	4.1. As linguas como poder. 4.2. Construíndonos na lingua.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	2	6	8
Presentación oral	4	24	28



Estudo de casos	4	24	28
Discusión dirixida	4	32	36
Sesión maxistral	8	0	8
Actividades iniciais	2.5	0	2.5
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Lectura crítica de seis obras relacionadas coa materia obxecto de estudo e entrega dun pequeno traballo escrito sobre cada unha delas.
Presentación oral	Exposición na aula dun dos aspectos do temario previa lectura e preparación coa persoa docente.
Estudo de casos	Solución a casos simulados relacionados coas exposicións das sesións maxistrais e integrados na pescuda de innovacións que procuren a saída aos conflitos.
Discusión dirixida	Debate sobre temas de actualidade relacionados coa materia con exposicións razoadas e argumentadas.
Sesión maxistral	Presentación dos conceptos fundamentais para comprender a materia e deseño de guías orientativas para unha aprendizaxe autónoma.
Actividades iniciais	Coñecemento, a través dunha enquisa anónima, do nivel de coñecementos e do grao de espírito crítico do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O alumnado terá que afrontar a lectura de 6 textos ou artigos e realizar un cuestionario sobre os seus contidos. Cada estudante terá que expor na aula unha parte do temario previamente acordada e discutida entre el/ela e a persoa docente.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Lecturas	Cada estudante deberá entregar un traballo por cada texto lido de entre os 6 obrigatorios, onde incluíra unha reflexión crítica sobre os seus contidos e as achegas persoais que lle produciu.	30
Presentación oral	Cada estudante terá que expor na aula un apartado do programa previamente acordado coa persoa docente, demostrando ter unha lingua de calidade acaída ao contexto comunicativo de que se trata.	35
Estudo de casos	Tras as explicacións da persoa docente presentaranse problemas para seren solucionados, quer oralmente quer por escrito, razoando as respostas xustificadamente e con criterios rigorosos.	35

Observacións avaliación
<p>Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final do traballo se este for entregado fóra de prazo sen causa xustificada.</p> <p>Os/as estudantes que non superaren a materia ou que non cumpriren co 50% das actividades obrigatorias exixidas ao longo do cuadrimestre deberán realizar na convocatoria de xullo unha proba de carácter oral e escrito.</p> <p>Considerarase non presentado na materia quen non realizar a proba escrita e/ou quen non cumprir coas actividades obrigatorias propostas pola persoa docente.</p> <p>O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co/coa profesor/a.</p>



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- GARCÍA NEGRO, MARÍA PILAR (2009). DE FALA A LINGUA: UN PROCESO INACABADO. Brión, Laiovento</li><li>- NÚÑEZ SINGALA, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega . Vigo: Galaxia</li><li>- SANMARTÍN REI, G. (2010). Lingua e futuro. Ames: Laiovento</li><li>- FREIXEIRO MATO, X.R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago: Laiovento</li><li>- GARCIA NEGRO, M. P (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística . Vilaboa, Po: O Cumio</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (1991). Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia. Santiago: Laiovento</li><li>- CONSTENLA BERGUEIRO, G. (1997). Ensaio sociolingüístico. Antoloxía. Vol. 44 da Historia da Literatura Galega . Vigo: A Nosa Terra</li><li>- VILLARES NAVEIRA, L. (2010). Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo. Ames: Laiovento</li><li>- GARCÍA NEGRO, M. P. (1993). Sempre en galego . Santiago: Laiovento</li><li>- GARCÍA NEGRO, M.P. (2009). Sobre o racismo lingüístico. Ames: Laiovento</li></ul>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías